



Resolución Xunta Directiva 24 de Xullo de 2020:

para a adxudicación da contratación dunha asistencia técnica co obxecto da realización do curso de formación de “CONFECCIÓN E MANTEMENTO DE ARTES E APARELLOS”

ANTECEDENTES:

Dentro do marco de actuacións e do empoderamento e autoestima do sector pesqueiro, o Galp Costa Sostible aposta pola cualificación profesional do sector e pola visibilidade e autonomía das mulleres deste sector, polo que segundo acordo da Xunta Directiva celebrado o pasado vinte e catro de xaneiro acórdase a contratación dunha asistencia técnica para a realización dun curso de confección e mantemento de artes e aparellos.

PROCEDEMENTO:

Na data do seis de marzo iniciase un primeiro procedemento de contratación para a adxudicación obxecto de contrato publicándose as prescricións técnicas na web da consellería do mar e formulando invitación a catro empresas, a situación de emerxencia sanitaria provocada pola Covid 19, impediu resolver este procedemento de contratación, iniciándose un novo procedemento na data do 6 de xullo, na que se publicaron novas prescricións técnicas, e se formulou invitación a tres empresas:

- 1) Ardora Formación S. Coop. Galega e servizos que comunicou a súa renuncia na data do dez de Xullo.
- 2) Federación Galega de redeiras Artesás do Peirao que non atendeu á invitación formulada
- 3) Instituto para el Crecimiento Sostenible de la Empresa que presentou a súa proposta económica por importe de 14.900,00€

Segundo as bases do procedemento a empresa adxudicataria sería aquela que presentase a oferta económica máis vantaxosa.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

Polo exposto anteriormente a Xunta Directiva do Grupo de Acción Local do Sector pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros Noia. Costa Sostible **Resolve:**

Seleccionar a proposta presentada pola empresa Instituto para el Crecimiento Sostenible de la Empresa por ser a única presentada , e polo tanto a mais vantaxosa economicamente

Muros, 24 de xullo de 2020

Asdo: Daniel Manuel Formoso Moledo

Presidente



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

